

Actividades de música do 30 de marzo ata despois de Semana Santa.

Esta semana, iamos celebrar no cole a Semana da Ciencia, e por iso, vos propoño que fagades experimentos para entender mellor o son e como este se transmite. Podedes escoller un dos dous experimentos que propoño, dependendo dos materiais que teñades pola casa, ou podedes facer outro se coñecedes algún máis relacionado coa materia de música.

Recórdovos que, polo momento, as actividades propostas son **voluntarias**. No PDF anterior, tedes enlaces con actividades de repaso para seguir practicando os contidos de linguaxe musical.

Se tedes algunha dúbida, ou se facedes algunha das actividades propostas, tanto esta semana como a anterior, podedes enviarme algunha foto, unha gravación de audio, un vídeo... ensinándome as cousas que estades facendo para compartilas no blog cos vosos compañeir@s a...

musicasofan@gmail.com

Moito ánimo e espero que todo vos vaia xenial!

Patricia

PD: Non tedes que imprimir as fichas se non tedes impresora. Podedes contestar nun folio e gardalo na carpeta para a volta.

EXPERIMENTOS CO SON 1: POR QUE SOAN AS COPAS?



Para facer este experimento precisas:

- Varias copas de cristal
- Auga
- Colorante ou t mpera l quida (opcional)
- Cadrado pequeno de papel
- Sal ou azucre (p delo pintar para que se vexa mellor)

Proceso:

1. Enche as copas con diferente cantidade de auga.
2. Se queres, podes decorar a auga bot ndolle unha pinga de colorante ou t mpera l quida, cada copa dunha cor.
3. Suxeita con dous dedos dunha man a base da copa que te na menos cantidade de auga, molla o dedo  ndice da outra, e p sao polo borde de forma constante no sentido das agullas do reloxo. (As mans deben estar moi limpas para que funcione)
4. A continuaci n fai o mesmo coas outras copas.

Que ocorre? F xate na auga... P salle algo?

Que copa emite o son m is agudo? E o m is grave?

*Se tes d bidas mira este v deo! <https://www.youtube.com/watch?v=l0e2JFHPm1U>

5. Agora, colle s  d as copas (unha con auga e outra baleira) e ponas unha   lado da outra, moi pegadas, pero sen que cheguen a tocarse. Coloca un cadradi o de papel enriba da que est  baleira e b talle un pouco de sal. Fai soar a copa que ten auga, e aguanta un anaco tocando...

Que ocorre?

6. Fai o mesmo tocando copas con diferentes cantidades de auga

Que ocorre?


No seguinte v deo podes ver a demostraci n!

https://www.youtube.com/watch?time_continue=33&v=eI2mVquxSV8&feature=emb_logo

E por  ltimo non te perdas este concerto coa banda sonora de Harry Potter! Maxia!

https://www.youtube.com/watch?time_continue=3&v=RW7xR9aLS98&feature=emb_logo

EXPERIMENTOS CO SON 2: O TELÉFONO



Ides construír un teléfono de vasos utilizando materiais que atopades pola casa.

Só precisades vasos de plástico e cordeis de diferentes tipos (corda, goma elástica, cables, lá...).

Podedes facelo seguindo as instrucións destes “científicos” que, aínda que están un pouco tolos, ó final conseguen facelo:

<https://www.youtube.com/watch?v=BBq5exjgmLk>

Que tedes que conseguir con este experimento?

Ides demostrar que o son se transmite por diferentes medios materiais. Pero tamén debedes investigar como mellorar este medio de comunicación.

Dependendo de como o fagades e dos materiais que utilicedes, o experimento pódevos saír ben e escoitar perfectamente o que di a persoa do outro lado, ou escoitar mal ou con moitas interferencias.

Para realizar a investigación, debedes resolver as seguintes cuestións. Antes de demostrar cada cuestión responde a primeira pregunta de cada apartado:

1. Como se transmite mellor o son?

COA CORDA TENSA	COA CORDA FROUXA
Que penso que vai pasar?	
<hr/>	
Que pasou?	
<hr/>	

2. Con que materiais se escoita mellor?

CORDEL	CABLE	LÁ	GOMA ELÁSTICA
Que penso que vai pasar?			
<hr/>			
Que pasou?			
<hr/>			

3. Inflúe na calidade do son a lonxitude da corda?

CORDEL LONGO	CORDEL CURTO
Que penso que vai pasar?	
<hr/>	
Que pasou?	
<hr/>	

